

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*EXTRACTO da Orde do 15 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de emprego con apoio e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR342A).*

BDNS (Identif.): 909466.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/909466>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das correspondentes subvencións reguladas nesta orde, sempre que cumpran os requisitos nela establecidos as seguintes entidades:

– As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social ás cales se lles vai prestar o emprego con apoio.

– Os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, que subscriban un convenio de colaboración coa empresa que vai contratar persoas traballadoras con discapacidade procedentes do cadro de persoal do mesmo centro ou doutros centros especiais de emprego.

Tamén as empresas de inserción, debidamente inscritas no Rexistro de Empresas de Inserción da Comunidade Autónoma de Galicia que subscriban convenio de colaboración coa empresa que vai contratar persoas traballadoras en situación ou risco de exclusión social procedentes do cadro de persoal da mesma empresa ou doutras empresas de inserción.

– As empresas do mercado ordinario de traballo incluídas as persoas traballadoras autónomas, con domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia que contraten as persoas



traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que poidan ser beneficiarias das accións de apoio, sempre que conten no seu cadro de persoal con persoas preparadoras laborais especializadas.

Segundo. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar para o ano 2026, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as axudas establecidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ás entidades promotoras de programas de emprego con apoio para financiar os custos laborais e da Seguridade Social derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio, tanto no caso de novas contratacións como no caso de persoas preparadoras laborais que veñen prestando servizos na entidade (código de procedemento TR342A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 15 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de emprego con apoio e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR342A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse catrocentos cincuenta mil euros (450.000 euros).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará ás 9.00 horas do quinto día hábil posterior ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará ás 20.00 horas do 30 de setembro de 2026.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2026

José González Vázquez  
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

